

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
DO 18 DE ABRIL DE 2022**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00018163R.**

|Aprobación de acta de sesión anterior. |

Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente de data 6 de abril de 2022.

**2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/923/2019.**

|Licenza para implantación piscina Lg Pardiñas, 16. |

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de implantación de piscina. Adenda ao proxecto de data de visado do 20/01/2022, a implantación de piscina no Lg Pardiñas, 16 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 24.869,43 €.

**3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00015322N.**

|Aceptar cesion viario e licenza para agrupación e posterior parcelación en LG Larañiño 36A e 38. |  
Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita e libre de cargas formalizada na Escritura pública de data 16/11/2021, outorgada ante Notario co número de protocolo 3287.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto modificado presentado o 25/03/2022, a agrupación e posterior parcelación das parcelas de referencia catastral 15079A50901046 e 001400300NH34E no Lg Larañiño, 36A e 38 Santiago de Compostela (A Coruña). As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1966/2019.**

|Licenza para a construción de alpendre no LG Son de Arriba. |

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 23/02/2022, a construción de alpendre para gardar maquinaria agrícola e forestal no Lugar Son de Arriba Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 9.499,83 €

**5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/273/2019.**

|Licenza de obra nova para construción de nave industrial destinada a transporte de mercadorías na Rúa Comunidade Valenciana, 15. |

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. MANUEL JOAQUÍN CALDELAS ANDRADE S.L. licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial para actividade de transporte de mercadorías na RUA COMUNIDAD VALENCIANA 15, parcela H1b07b do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 30/05/2019 e anexo con data de rexistro de 21/06/2021, cun orzamento de execución material de 158.107,38.€.

As actuacións consistirán na construción de nave industrial de dúas plantas e baixo cuberta (B+1+BC) para transporte de mercadorías e oficinas cunha superficie construída total de 1126,12

m2 construídos (2.440,29 m2 útiles), ocupación en planta de 900 m2 e altura de 8,90 metros, para actividade de transporte de mercadorías e oficinas.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 1 de edificación acaroada, variante 1B do Proxecto sectorial da Sionlla.

#### **6. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2022/00002965P.**

Fixación de indemnización a percibir polos membros da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico.

Acórdase FIXAR A INDEMNIZACIÓN A PERCIBIR por cada asistencia, tanto á Ponencia Técnica como a Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, para aqueles membros que non teñan a condición de persoal ao servizo das administracións públicas ou organismos delas dependentes e aos concelleiros que non conten con dedicación exclusiva na contía de 42,83 € concretando así o dereito recoñecido na disposición adicional única do Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. de 23 de febreiro de 2016).

O abono realizarase previa fiscalización e certificación da secretaría sobre a asistencia e con carácter persoal a cada un dos que foron nomeados polo Pleno.

Esta indemnización é compatible cas dietas que poidan corresponder nos casos nos que, para a asistencia, sexa necesario desprazarse dende a residencia oficial.

#### **7. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2022/00016586B.**

Aprobación inicial do Proxecto de expropiación por taxación conxunta, “Expropiación complementaria no ámbito da reserva de equipamento IA8 do PXOM”.

Acórdase APROBAR INICIALMENTE o Proxecto de expropiación por taxación conxunta nomeado Expropiación complementaria no ámbito da reserva de equipamento IA-8 do PXOM, asinado polos técnicos municipais.

En aplicación do procedemento regulado no artigo 293 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) o expediente someterase a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos titulares de bens e dereitos obxecto de expropiación, dándolle traslado literal da correspondente folla de aprezo e da proposta de fixación dos criterios de valoración, outorgándolle o prazo dun mes para formular as alegacións que estimen convenientes.

Os erros que non fosen alegados e xustificados no trámite de audiencia e información pública non darán lugar á nulidade ou reposicións das actuacións, sen prexuízo do dereito ás indemnización que procedan (artigos 118.9 da LSG e 293.9 do RLSG). O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta levará implícita a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos de necesaria afectados.

#### **8. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2021/00013196Y.**

Aprobación inicial da delimitación de ámbito de actuación sobre o medio urbano nos números 11 e 13 da rúa Bispo Diego Peláez, e da relación de bens e dereitos de necesaria expropiación.

Acórdase:

1. Aprobar inicialmente a DELIMITACIÓN do ámbito dunha actuación aillada sobre o medio urbano, co obxecto de mellorar a accesibilidade do edificio núm. 11 da rúa Bispo Diego Peláez e executar o proxecto de reforma de accesibilidade autorizado pola Xunta de Goberno o 4.11.2019 (LIC/469/2019). A delimitación do ámbito abrangue os edificios números 11 e 13 da rúa Bispo Diego Peláez.

2. Segundo. Aprobar inicialmente a seguinte RELACIÓN DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN para executar a actuación proposta:

□ Praza de garaxe J ou núm. 20, sita no semisoto do edificio núm. 13 da rúa Bispo Diego Peláez. Superficie de necesaria ocupación: 4,51 m2.

En cumprimento do esixido polo artigo 17 da Lei de expropiación forzosa (LEF), SOMETER AO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA, durante o prazo de QUINCE DÍAS, a delimitación do

ámbito da actuación e a relación de bens e dereitos de necesaria ocupación para executar o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno o 4.11.2019.

A tal fin, e de conformidade co disposto polo artigo 18.2 da LEF, publicaranse anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior circulación na provincia, e practicarase notificación persoal aos titulares de dereitos afectados.

Durante o trámite de información pública, os interesados poderán alegar os erros detectados na relación de titulares e bens de necesaria ocupación -achegando a tal fin a documentación xustificativa que proceda-, e poderán formular as alegacións que estimen oportunas sobre a necesidade de ocupación dos seus bens. Así mesmo, e ao abeiro do disposto polo artigo 23 da Lei de Expropiación Forzosa poderán solicitar a expropiación da superficie total da praza de garaxe, co carácter de resto antieconómico, debendo achegar os títulos xustificativos do seu dereito.

#### **9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033369P.**

Adxudicación do contrato da Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase) á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L. |

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a “Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase) á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L., por un importe total de **108.156,14 euros** (Base imponible: 89.385,24 euros, IVE do 21%: 18.770,90 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2021 2 RURAL 43 1 REXENERACIÓN E REFORZO ESTRUC conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2022: 108.156,14

#### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00002663M.**

Devolución da fianza do contrato de prestación dos Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela. . CON/8/2015. |

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE, S.A.U., (agora denominada KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, SA ), por importe de 42.385,28 euros para responder do contrato de “Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do tunel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela.”

#### **11. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00017843A.**

Aprobación do proxecto de instalación de alumeadado público na Rúa das Estrelas. |

Apróbase o proxecto da obra “Instalación de alumeadado público na Rúa das Estrelas”, redactado por Obradoiro Enxeñeiros SL.

Orzamento das obras: 77.927,53 € + IVE (21%) = **94.292,31 €.**

Prazo de execución: oito (8) semanas.

Clasificación do contratista: non se esixe.

Clasificación supletoria aos efectos de acreditar a solvencia técnica e económica:

Grupo I subgrupo 1 categoría 1.

#### **12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00017120Q.**

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PO 570/2020 Social 2. |

Dáse conta da sentenza. Obxecto: diferenzas retributivas C1-20 / A2-22 exercicio 2020.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.

2. Non interpoñer recurso de suplicación.

3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

**13. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00018203H.**

[Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas. ]

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 8 a 12 de abril de 2022.